

360 CURVAS

Alejandro Gándara, Ariadna Silva, 2025

1674

ESTREA EN NUMAX: 31.01.2026 | V.O. | +7 | 81 min

360 curvas marcan a distancia que separa A Fonsagrada de Lugo. Este camiño longo, difícil e descendente entre montañas reflicte o declive dun lugar que, a comezos dos anos 90, decidiu loitar pola súa supervivencia.



360 curvas: voces da España vaciada

Por Ana Jiménez Pita

Os mozos cineastas Ariadna Silva e Alejandro Gándara presentaron no Festival de Xixón o documental *360 curvas*, unha mirada persoal e colectiva das «movidas» da vila galega da Fonsagrada cuxos veciños se alzaron en conxunto nos 90 contra as medidas de desmantelamento de servizos agrarios. A partir do redescubrimento dunhas fotografías da época tomadas por Manuel Fernández, Adrián, un mozo que volveu á vila mentres a tendencia era abandonala, propónse compartir a memoria destas fotografías. A memoria dos seus pais, agora en Bilbao, e a de veciños que participaron activamente nas protestas, mesmo foron arrestados e acusados de sedición por iso.

Simbolicamente, o documental susténtase tanto nas fotografías que os suxeitos do documental ven por primeira vez, lembrando un pobo, un espazo e un tempo que xa non existe —polas políticas que baleiraron a comarca—, como na idea dunha estrada con curvas de máis, 360, que une a vila con Lugo e cuxa reclamación principal era que fose reconstruída para facilitar a comunicación. Son tres testemuños os que estruturan a película, que non só quedan na narración de feitos e acontecementos. Nestas conversas, interactúan co equipo de rodaxe e son capturados por unha cámara que os grava con tenrura, sen presión. Saen a relucir nomes, recordos e ausencias que permiten que o pasado se materialice no presente.

A través da idea do espello, o pasado da loita rural e veciñal que se unía para frear o inminente despoboamento, reflíctese nun presente baleirado como consecuencia das políticas centralizadoras. Aínda que os mozos non queren que se baleire, tampouco ven posibilidades de volver á vila. Mentres, os maiores resígnanse á desaparición e o esquecemento. A forma na que *360 curvas* dialoga co pasado non é só a través da inserción de material de arquivo, cunha montaxe que complementa e contrasta tanto os testemuños como as imaxes do presente, senón a través da interacción con estas imaxes. Vese en pantalla o dispositivo para visualizar as diapositivas e mesmo se interactúa coa foto, debuxando ao seu redor o que quedaba fóra das marxes, as demais vilas e lugares. Desta maneira, o arquivo é un punto de partida non só de contemplación, senón de recomposición da memoria.

Que a película xorda do pobo, que os directores sexan case como mediadores que se unen posteriormente ao proxecto para darlle forma á idea e que naza da recuperación do arquivo, é unha forma de reclamar tamén unha voz cinematográfica descentralizada. Na película de Silva e Gándara priorízanse as memorias veciñais, búscase o arquivo familiar en noticias ou xornais cos que se interactúa a través dos suxeitos que len, desencadeando outros recordos persoais. E, sobre todo, permítese que a memoria política do pobo sexa capaz de penetrar no íntimo da vida dos suxeitos que dan testemuño. Así, recordos de voda, bailes, celebracións e festexos, encarnan tamén a unión pola supervivencia.

360 curvas é un documento dun pasado veciñal, que se ve completado cunha montaxe que extrae o humor da loita colectiva como espello dun presente que aínda se nega a ser baleirado. E, aínda que pode parecer efémero ou demasiado concreto, o certo é que o filme supón un rexistro atemporal, optimista e reivindicativo do pasado e dun presente que esixe non ser esquecido.